



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
SECRETARÍA (CONTRATACIÓN)
PONTEVEDRA

Expte. 6494/2018

DECRETO DA ALCALDÍA

Vista a Resolución da Alcaldía nº 2019-0844 de data 22 de xullo de 2019, relativa á adxudicación do contrato mixto de subministro e obra con prevalencia do contrato de subministro *“RENOVACIÓN PARCIAL E SISTEMA INTELIXENTE DE XESTIÓN DO ALUMADO PÚBLICO EXTERIOR”*, parcialmente financiado polo FEDER mediante o programa operativo de crecemento sostible (POCS) 2014-2020, actualmente integrado no programa operativo plurirrexional de España 2014-2020.

Visto que se detectou un erro no apartado 3º da parte Resolutiva, xa que se omitíu o importe de adxudicación.

Visto o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

RESOLVO

Corrixir o indicado erro material detectado no apartado 3º da parte Resolutiva do Decreto nº 2019-0844 de 22 de xullo de xeito que:

Onde di:

“3º.-Adxudicar o contrato do subministro “RENOVACIÓN PARCIAL E SISTEMA INTELIXENTE DE XESTIÓN DO ALUMADO PÚBLICO EXTERIOR” á empresa FERROVIAL SERVICIOS S.L., con CIF A80241789, con arranxo aos pregos e á súa oferta, por ser a máis vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos no PCAP.”

Debe dicir:

“3º.-Adxudicar o contrato do subministro “RENOVACIÓN PARCIAL E SISTEMA INTELIXENTE DE XESTIÓN DO ALUMADO PÚBLICO EXTERIOR” á empresa FERROVIAL SERVICIOS S.L., con CIF A80241789, por un importe de 802.020,95 euros (IVE incluído) con arranxo aos pregos e á súa oferta, por ser a máis vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos no PCAP.”

Polo tanto, a redacción definitiva do indicado Decreto, queda do seguinte xeito:

“Vista a proposta da Alcaldía de data 18 de xullo de 2019, relativa á adxudicación do contrato mixto de subministro e obra con prevalencia do contrato de subministro *“RENOVACIÓN PARCIAL E SISTEMA INTELIXENTE DE XESTIÓN DO ALUMADO PÚBLICO EXTERIOR”*, parcialmente financiado polo FEDER mediante o programa operativo de crecemento sostible (POCS) 2014-2020, actualmente integrado no programa operativo plurirrexional de España 2014-2020.

-Visto o expediente de contratación tramitado polo procedemento aberto regulación armonizada, varios criterios de adxudicación do contrato mixto de subministro e obra con prevalencia do contrato de subministro *“RENOVACIÓN PARCIAL E SISTEMA INTELIXENTE DE XESTIÓN DO ALUMADO PÚBLICO EXTERIOR”*, que foi iniciado por Providencia da Alcaldía de data 28 de xaneiro de 2019 e aprobado o expediente de contratación mediante Decreto da Alcaldía nº 2019-0170 de data 13 de febreiro de 2019.

-Visto que presentaron ofertas, segundo consta no certificado expedido pola Secretaría Xeral con data 8 de marzo de 2019, as seguintes empresas:

SOCIEDAD IBÉRICA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS S.A. (A28002335)
MANUEL NÓVOA CASTRO SLU (B27429653)
ELECNOR S.A. (A46146387)
COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS S.A. (A46146387)
FERROVIAL SERVICIOS S.A. (A80241789)
ALUMBRADOS VARIADOS S.A. (ALUVISA) (A08523094)

-Visto que a Mesa de Contratación na sesión celebrada o día 8 de marzo de 2019 na que se procedeu á apertura do sobre 1, que contén a documentación administrativa, acordou por unanimidade:

"a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. - ALUMBRADOS VARIADOS S.A. (ALUVISA).

2.- SOCIEDAD IBÉRICA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS S.A.

-3.- COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS S.A.

Esta últimas dúas empresas manifiestan esta vinculadas ao mesmo grupo de empresas, polo que de acordo cos PCAP seguirán no procedemento aínda que a Mesa terá en conta a hora de valorar as ofertas posibles prácticas colusorias. De advertirse ditas prácticas poderán ser excluídas da contratación nun momento posterior, informando destes extremos á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, ao abeiro do artigo 132.3 LCSP.

*b) Outorgar a empresa FERROVIAL SERVICIOS S.A. un prazo de tres días hábiles a contar dende o seguinte á recepción deste requerimento proceda a **subsanar as deficiencias** atopadas na documentación administrativa, no Anexo III, entregando o listado de empresas coas que ten vinculación, por non constar na documentación presentada inicialmente.*

c) Excluir as empresas:

1.- MANUEL NÓVOA CASTRO SLU., que presentou todas a documentación no mesmos CD, dividido en 3 carpetas, polo que incumple a cláusula 15 dos PCAP.

2.- ELECNOR S.A., presenta a documentación correspondente aos sobre 1 e 2 xuntas no mesmo sobre e no mesmo soporte, polo que incumple a cláusula 15 dos PCAP."

Vista a reunión da Mesa de Contratación celebrada o día 15 de marzo de 2019 na que se procedeu a valorar a documentación presentada para a subsanación da documentación administrativa, compróbase que a empresa **FERROVIAL SERVICIOS SA** procedeu a **subsanar as deficiencias** atopadas na documentación administrativa, no Anexo III, entregando o listado de empresas coas que ten vinculación no prazo establecido ao efecto, polo que a Mesa acorda por unanimidade que continúe no procedemento as seguintes empresas:

- ALUMBRADOS VARIADOS S.A. (ALUVISA)

- SOCIEDAD IBÉRICA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS S.A.

- COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS S.A.

- FERROVIAL SERVICIOS S.A.

Igualmente, e na mesma sesión, procedeuse á apertura da documentación que contén a parte da oferta avaliable a través de criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor e os compoñentes da Mesa unha vez analizada a mesma presentada por las empresas, adorda por unanimidade solicitar o preceptivo informe técnico sobre as ofertas presentadas, de conformidade co establecido no PCAP.

Visto que a Mesa de Contratación na sesión celebrada o día 21 de marzo de 2019 na que, entre outras cousas, se procedeu a efectuar o cálculo da suma dos criterios non avaliables mediante fórmulas correspondentes ao sobre ou arquivo electrónico 2, e ós criterios avaliables mediante fórmulas correspondentes ao sobre ou arquivo electrónico 3, e por unanimidade acordou:

"a) Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación previstos nos pregos, as proposicións admitidas neste procedemento aberto, na seguinte orde descendente:

EMPRESA			
---------	--	--	--

	Puntos Sobre 2	Puntos Sobre 3	TOTAL PUNTOS
FERROVIAL SERVICIOS S.A.	40	59,56	99,56
ALUMBRADOS VARIADOS S.A. (ALUVISA)	60	36,10	96,10
COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS S.A.	36,90	42,50	79,40
SOCIEDAD IBÉRICA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS S.A.	36,90	57,08	78,98

b) Realizar a proposta de adxudicación do contrato de subministro **“RENOVACIÓN PARCIAL E SISTEMA INTELIXENTE DE XESTIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR”, PARCIALMENTE FINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REXIONAL (FEDER) MEDIANTE O PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SOSTIBLE (POCS) 2014-2020** a favor da empresa **FERROVIAL SERVICIOS S.A.**, por ser a que obtivo a maior puntuación. Antes da adxudicación, o licitador, no prazo máis breve posible e non máis alá de 10 días hábiles desde o envío da comunicación, segundo o establecido na cláusula 21 dos PCAP, deberá aportar:

- A xustificación da solvencia económica e técnica a través dos medios esixidos na cláusula 12 dos PCAP

- Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas artº 108 da LCSP. O importe da garantía será do 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE.”

-Visto que en data 04-04-2019 foi interposto o recurso especial en materia de contratación por parte da empresa ELECNOR S.A., contra a acta da mesa de contratación do Concello da Estrada, de data 08-03-2019, que acordou a exclusión da recorrente nesta contratación, solicitando a indicada empresa nese escrito, que se acorde a medida cautelar consistente en suspensión da contratación.

-Visto que o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia con data 10 de abril de 2019 resolve adoptar a medida cautelar de suspensión desta contratación.

-Visto que o indicado Tribunal mediante Resolución nº 90/2019 de 25 de abril, resolve:

1º.-Desestimar o recurso interposto por ELECNOR S.A., contra a acta da mesa de contratación de data 8-03-2019.

2º.-Levantar a suspensión acordada no seu día.

3º.-Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

-Visto que a empresa FERROVIAL SERVICIOS S.A., presenta a documentación que lle foi requirida, así como o xustificante de estar inscrito no ROLECE e declaración de que as circunstancias expresadas na certificación do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado non experimentaron variación.

-Visto o informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal D. Daniel Órrea Corral con data 25 de xuño de 2019 en relación á solvencia técnica presentada pola indicada empresa.

-Visto igualmente que presenta xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas artº 108 da LCSP. O importe da garantía será do 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE.

-Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1, da lei 9/2017 de Contratos do Sector Público (LCSP) e Decreto de delegación desta Alcaldía nº 2019-0674 de data 18 de xuño de 2019.

Visto o sinalado no artigo 10 da Lei 40/2015 no relativo á avocación de competencias.

RESOLVO

1º.- Avocar a competencia previamente delegada na XGL, motivada pola urxencia en

iniciar a execución deste contrato.

2º.-Declarar válida esta licitación, excluindo as seguintes empresas:

a) MANUEL NÓVOA CASTRO SLU., que presentou todas a documentación no mesmos CD, dividido en 3 carpetas, polo que incumple a cláusula 15 dos PCAP.

b) ELECNOR S.A., presenta a documentación correspondente aos sobre 1 e 2 xuntas no mesmo sobre e no mesmo soporte, polo que incumple a cláusula 15 dos PCAP.

3º.-Adxudicar o contrato do subministro "RENOVACIÓN PARCIAL E SISTEMA INTELIXENTE DE XESTIÓN DO ALUMADO PÚBLICO EXTERIOR" á empresa FERROVIAL SERVICIOS S.L., con CIF A80241789, por un importe de 802.020,95 euros (IVE incluído) con arranxo aos pregos e á súa oferta, por ser a máis vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos no PCAP.

4º.-Designar, como director facultativo, a D. Javier Regueira Miguéns, Enxeñeiro Industrial colexiado nº 2938, pertencente á consultora IDOM, adxudicataria do contrato de servizos de asesoramento EDUSI deste Concello.

5º.-Nomear a D. Daniel Órrea Corral, arquitecto técnico municipal como coordinador en materia de seguridade e saúde.

6º.-A resolución da adxudicación notificárase aos licitadores, debendo de publicarse no Perfil do contratante no prazo de 15 días de conformidade co establecido no artigo 151.1 da LCSP.

7º.-Unha vez transcorridos quince días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 151 da LCSP, requirirase á empresa adxudicataria para que, nun prazo non superior a cinco días a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, formalice o correspondente documento contractual

8º.-Publicar o anuncio de formalización xunto co correspondente contrato, no Perfil do Contratante nun prazo non superior a 15 días tras o perfeccionamento do mesmo. Asimesmo e de conformidade co establecido no artº 154.1 da LCSP, dado que se trata dun contrato suxeito a regulación armonizada será necesaria a publicación o correspondente anuncio de formalización no DOUE."

Así o manda e asina o Sr. Alcalde do que da fe a Secretaria.
(documento asinado dixitalmente á marxe).